

ARTE

Momentos de intimidade na obra de Ellen Auerbach

¡ Fonseca acolle a mostra fotográfica de auténtico luxo da case centenaria artista alemá. Esta muller posúe unha ollada intuitiva avanzada sempre á súa época

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Como un auténtico luxo preséntase a obra fotográfica de Ellen Auerbach (Karlsruhe, Alemaña, 1906) no compostelán colexio de Fonseca. Por ser testemuña dunha época crucial ós cambios e sobre todo por lograr sobrevivir a ela, a artista está ás portas de ser centenaria.

A exposición estrutúrase cronoloxicamente seguindo o itinerario no que se desenvolve o seu longo periplo vital. Os inicios da artista en Berlín, a mediados da feliz década dos 20, participan do espírito innovador do período de entre guerras que difunde movementos como o dadaísmo, constructivismo ou surrealismo e deixáronse sentir no medio fotográfico a base de técnicas que veñen do *collage* ou a abstracción. Será o legado para o futuro dun momento ansioso de experimentación. *Petrole Hahn* ou *Komol* son bos exemplos.

Do estudio fotográfico Ringl+Pit fundado coa súa amiga Grete Stern xorden fotografías conxuntas de estudio centradas en representar a identidade e a feminidade.

Eckstein pintándose os beizos corresponde a unha fotografía de 1930, reflexo da imaxe dunha muller moderna e emancipada que de modo desenfadado vive intensamente a súa época.

O xogar coas posibilidades do medio a base de fragmentacións, distorsións ou perspectivas inusuais, como o picado, é algo no que sondan os fotógrafos da Bauhaus. Tamén o uso do autorretrato, as mans, ou o espello eran motivo preferido polos seus alumnos. *Pit con velo* é exemplo dos numerosos autorretratos enmascarados que se realizan naqueles tempos, como os levados a ca-



A bailarina Renate Schittelius en Nova York

bo por Marianne Brandt ou Gertrud Arndt. Aquí posa en plan muller fatal pero outras tomas suxiren variadas personalidades da muller, desde a tradicional ata a máis lasciva.

Aparece no cinema

O humor e a ironía lévana a realizar incursións no cinema ou a ilustrar viñetas que baixo o título de Ringl Pitís critican os costumes tradicionais e conservadores ou indagan nos conflitos do xénero.

Fragmento de una novia heda o coñecemento da obra de El Lissitzky e as ensinanzas do seu mestre Walter Peter-

hans, experto en representar a calidade dunha tea, a forza e superficie dos materiais. Este tul descobre os seus ligamentos e flexibilidade á vez que, como metáfora da institución matrimonial, baléirao de toda aura. Tea realizada mediante algo fundamental no traballo da artista, o profundo estudio e a importancia á iluminación e claro-escuro.

A súa estancia en Palestina e Londres deixa fotografías ó aire libre, instantáneas da vida cotiá ou fotografías de arquitecturas onde importa resaltar a xeometrización dos escenarios e captar pequenos detalles en aparencia secundarios.

A súa chegada a Nova York lévana a descubrir a comunidade negra, merecedora de todo o seu respecto. *Murrays Po-made* recolle o exotismo dunha raza nova ós seus ollos. Do momentos máis emblemático da cidade, a Estatua da Liberdade, en todo irónico capta unha antiga foto atada, curiosamente do que presumir ser o país das liberdades.

Renate Schottelius en Nueva York delata o prototipo de artista entusiasmada cos bailaríns (a danza xa era considerada unha arte innovadora desde a súa época de Berlín).

A modelo xa non é relegada ás súas antigas poses estáticas inspiradas na pintura, senón que busca o xesto de creación propia. A foto debía facer bailar o interminable perfil arquitectónico. *Big Sur*, de corte moito máis intimista, valora o momento preciso, intensificando o ambiente matutino dun paseo co inseparable amigo do home, o can.

De moi diferente ton é a serie en cor en colaboración con Eliot Porter centrada no interior de igrexas mexicanas. Forte colorido dunha cultura mestiza profundamente relixiosa

Suxire variadas personalidades, desde a tradicional ata a máis lasciva

que exterioriza os seus sentimentos. Vén ser o aparte dun grosso fotográfico realizado en branco e negro, e moitas das fotografías son totalmente inéditas en España.

Aínda se pode desfrutar o vindeiro día 5 de outubro entre as patinadas pedras do Pazo de Fonseca compostelán.

CINE

Tan decente como escasa de enxeño

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



ABAJO EL AMOR

Intérpretes: Ewan McGregor, Renee Zellweger

Director: Peyton Reed

País: Estados Unidos

A comedia dirixida por descarado mimetismo por Peyton Reed, *Abajo el amor*, fai ben en situarse no comezo dos anos sesenta. A intención é a daqueles comedias moralmente limpas, moi decentes, nas que o sexo, ó contrario de hoxe, aparecía insinuado no estilo visual e sobre todo nos brillante diálogos pero nunca groseiramente explicitado. Isto mesmo parece pretender esta comedia romántica interpretada con certo histrionismo propio do xénero por René Zellweger e Ewan McGregor, moi entregados ós seus papeis, pero así como imita xeito narrativo, técnica interpretativa e enredos de guiño, carece da brillantez nos diálogos, na chispa dos bos textos sobre os que se asentaban as interpretadas por Tony Randall, Marilyn Monroe, Rock Hudson ou Doris Day. Porque se as orixinais ulían a xenialidade tratando de sorte-la censura, esta acaba nunha copia por un mero exercicio de estilo.

O enredo, simple, trata de enfrontar a habilidade dun seductor para facer caer en contradición á autora dun libro no que propón unha lixeira liberación da muller. Pero entre os fíos que se enguedellan do nobelo aparecen demasiadas marañas, a cada cal máis confusa, que conseguen converter o que debería ser un xogo entre pillabáns, con ironía, escepticismo e sarcasmo, nunha mazaroca de ideoloxía dubidosa, que acaba por marea-la perdis. Imitación de comedia doutros tempos nos que o enxeño se mostraba agudo como unha subela. Aquí predomina a decencia, intentos modosos, interpretación correcta, pero sen a chispa que acendía aquelas magníficas comedias: textos afiadados coma coitelas.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

CULTURA

